

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 08 DE FEBREIRO DE 2018.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CUARENTA MINUTOS** do día **OITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZAOITO**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 2º.- SERVIZOS SOCIAIS.**
- 3º.- URBANISMO.**
- 4º.- EXPEDIENTE 387/2018. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E O CONCELLO DE SILLEDA PARA O DESENVOLVEMENTO DE UN PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADITIVAS.**
- 5º.- AXUDA ÓS DEPORTISTAS.**
- 6º.- EXPEDIENTE 1029/2017. LICITACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS: “MELLORA DE CAPA DE RODADURA DE VIAIS MUNICIPAIS (OLEIROS) DO CONCELLO DE SILLEDA”.**

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 10 de Xaneiro de 2018

2º.- SERVICIOS SOCIAIS.

2.1.- Expediente 358/18. Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrancia, de J.A.Q.F.

Dase conta do informe social elaborado por Mª del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 05 de febreiro de 2018, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrancia, de:

Nome a Apelido	Enderezo
J.A.Q.F.	----

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda a alta no SAF na modalidade de libre concorrancia, de J.A.Q.F. segundo informe da Traballadora Social, de data 05 de febreiro de 2018.

3º.- URBANISMO.

3.1.- Expte. 1245/17. Licenza de Segregación e agrupación de parcelas en unidade de acto. JESUSA IGLESIAS PEREIRAS.

Vista a solicitude de licenza de segregación e agrupación, presentada por JESUSA IGLESIAS PEREIRAS, Rexistro de Entrada nº 1955 de data 26 de abril de 2017, para segregación e agrupación de parcelas en unidade de acto, no lugar de Outeiro, parroquia de Escuadro (Silleda).

Visto o informe emitido o 05 de febreiro de 2018 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante	Iglesias Pereiras, Jesusa		
Data de rexistro	26.ABR.2017	Nº 1955	Data escrito 26.ABR.2017
Solicitude	Segregación e agrupación de parcelas en unidade de acto		
Tipo de Solicitude	Obra Maior		
Emprazamento	Lugar de Outeiro, Escuadro, Silleda		
Referencia catastral	36052M502000470000FM e 36052M502060050000FD		
Autor do Proxecto	Pereiras Sanluis, Antonio; enxeñeiro técnico agrícola col. 2.116		
Proxecto Básico.	Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)		

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 27/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 5 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 6 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 7 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
- 8 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 9 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 10 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 11 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 12 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 14 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia
- 15 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamento de disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 16 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 17 Planeamento do Concello de Silleda
- 17.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 17.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 17.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 17.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 17.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 17.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 17.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 17.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 17.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 17.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 17.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 17.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

17.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
18 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósanse para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Iglesias Pereiras, Jesusa, presentada con R.E. 1955 de 26.ABR.2017. Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por Pereiras Sanluis, Antonio; enxeñeiro técnico agrícola col. 2.116 e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/03/2016 (punto 17.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 17.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Segregación e agrupación de parcelas en unidade de acto**, está clasificado como **solo de núcleo rural históricotradicional e solo rústico de protección agropecuaria**.

5. Consonte á normativa vixente, o artigo 149.1 da Lei do Solo prohibe a segregación de predios con carácter xeral. Establece, porén, a excepción seguinte "Tamén poderá autorizarse, coa exclusiva finalidade de regularizar a configuración de parcelas lindantes, a segregación e simultánea agrupación en unidade de acto.". O planeamento vixente, segundo a disposición transitoria primeira clasifica este solo como rústico de protección ordinaria, como xa se dixo, e polo tanto sería viable; sen prexuízo de que o aprobado provisionalmente o clasifica como protección agropecuaria. En todo caso, como se indicou no punto 2 dos antecedentes deste informe, unha vez rematada a suspensión de licenzas, enténdese que o planeamento en vigor é o PXOM de 1981, polo que se considera viable esta agrupaciónsegregación.

6. A parcela matriz "1" (47-1), non edificada, ten unha superficie de 27.394 m², a parcela "2" (47-2) é unha segregación da anterior non rexistrada no catastro de 500 m², edificada cunha vivenda e un hórreo e a parcela "3" (6005) de 1.363 m² está edificada cunha vivenda, dous cobertizos e un hórreo. A parcela "1" segrega unha parte "1.2" (47-1-1) de 5.149 m² quedando a parcela matriz "1.1" (47-1) de 22.245 m². Despois da segregación procédese á agrupación das fincas quedando en dúas: a **parcela resultante A (47)** resultado da agrupación da parcela "1.1" **mais a "2"** cunha superficie total de 22.745 m², por outro lado, a **parcela resultante B (6005)** é o resultado da agrupación da segregación "1.2" **mais a parcela "3"** cunha superficie total de 6.512 m².

7. As parcelas obxecto de agrupación-segregación atópanse dentro do ámbito da Concentración parcelaria de Escuadro-Rellas, polígono 2, parcela 47 dos planos do acordo, que se insiren neste informe. Deberase estar ao disposto na Lei 12/2001, de 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia, no relativo a segregacións. Artigo 52:

"Non será válida a división ou segregación de terreos de substitución, **salvo nos seguintes casos:**

a) Cando se trate de disposicións en favor de propietarios de terreos lindantes, sempre que, como consecuencia da división ou segregación, **tanto o terreo que se divide ou segrega coma a lindante non resulten de extensión inferior á unidade mínima de cultivo a que se refire o artigo 3.1.b).**

b) Se é consecuencia do exercicio do dereito de acceso á propiedade establecido na lexislación especial de arrendamentos rústicos.

c) Se se produce por causa de expropiación forzosa.”

7.1 Neste sentido, o artigo 3.1. b establece o seguinte:

1. O decreto de concentración parcelaria determina non só a utilidade pública, senón tamén a función social da propiedade coa necesidade de que as terras cultivables non queden abandonadas, polo que o titular dun dereito de propiedade rústica de carácter agrario está obrigado a:

a) (...)

b) **Manter indivisibles as parcelas de extensión inferior ó dobre da indicada como mínima no acordo, coas excepcións sinaladas no artigo 52.**

Para este efecto, a dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de agricultura, ó aproba-lo acordo, ditará, oída a xunta local de zona, resolución motivada, na que sinalará a **unidade mínima de cultivo para a zona**, que será a suficiente para que os labores fundamentais do seu cultivo, utilizando os medios normais e técnicos de produción, poidan levarse a cabo cun rendemento satisfactorio, tendo en conta as características socioeconómicas da agricultura na comarca ou zona, e que en ningún caso será inferior ás unidades mínimas de cultivo establecidas pola Comunidade Autónoma en virtude do establecido no artigo 23 da Lei estatal, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

8. Canto á superficie mínima de cultivo, o Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, establece, para o Concello de Silleda, **0,30 hA a sequeiro e 0,20 hA para regadío.**

9. Á vista da documentación aportada, ámbalas dúas parcelas resultantes dan cumprimento coa superficie mínima de cultivo para este ámbito (Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, ao que remite o artigo 149 Lei do Solo). As superficies das parcelas matrices e resultantes son as seguintes:

PARCELAS MATRICES				PARCELAS RESULTANTES			
Superficie inicial		Parcela instrumental		Superficie + parcela instrumental		Superficie resultante	
1	27394 m ²	1,1	22245 m ²	1,1+2	22745 m ²	A	22745 m ²
2	500 m ²	1,2	5149 m ²	3+1,2	6512 m ²	B	6512 m ²
3	1363 m ²						
Total	29.257 m ²				29257 m ²		29257 m ²

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa rbanística vixente, o planeamento de 1981, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude dende o unto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de segregación e agrupación e parcelas.

Cómpre sinalar a obriga de notificar ao Catastro a nova agrupación.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a JESUSA IGLESIAS PEREIRAS para segregación e agrupación de parcelas en unidade de acto, no lugar de Outeiro, parroquia de Escuadro, parcelas con referencia catastral 36052M502000470000FM e 36052M502060050000FD, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito.

Segundo.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

3.2.- Expte. 791/17. Corrección de erros. Licenza de Obra Maior. Ampliación de explotación vacún de leite. José Antonio Louzao Loureiro en representación de GANADERÍA LOUZAO, S.C.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 18 de setembro de 2017, “3.2.- Expte. 791/17. Licenza de Obra Maior. Ampliación de explotación de vacún de leite. José Antonio Louzao Loureiro en representación de GANADERÍA LOUZAO, S.C.”

Visto que, detectada errata na tramitación do acordo anteriormente mencionado.

Visto que, con data 05 de febreiro de 2018 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil, emítase novo informe no que conclúe o seguinte:

Solicitante	José Antonio Louzao Loureiro en representación de GANADERÍA LOUZAO, S.C.			
Data de rexistro	Nº	1128	Data escrito	MAR. 2016
Solicitude	Ampliación de explotación de vacún de leite			
Tipo de Solicitude	Obra Maior	Superficie construída:	2.243,12 m²	
Emprazamento	Pedrouzo, Parroquia de Graba			
Referencia catastral	36052B50100140	Superficie Catastro:	11.546 m²	
Autor do Proxecto	Óscar J. Pose Andrade			
Proxecto	Básico e de execución. 20160086	Visado polo Colexio Oficial	09/03/2016,	n.º
Dirección de Obra	N/d			
Dirección de Execución	N/d			
Exposición pública	BOP	DOGA	Prensa	
Orzamento (P.E.M.)	159.366,11 €	P.E.M. segundo Mbc ano 2010:	€	

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana	5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).	6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro	7 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.	8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.

12 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

13 R.D. 2187/1978, de 23 de xullo de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

14 Planeamento do Concello de Silleda

14.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

14.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991

14.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

14.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

14.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002

14.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981

14.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007

14.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012

14.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

14.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

15 Concordantes

ANTECEDENTES:

1.- Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por **José Antonio Louzao Loureiro en representación de GANADERÍA LOUZAO, S.C.**, presentada con R.E. Campo de usuario n.º e. = 1128 de Campo de usuario díar.e. = 17/MAR.2016. Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por Campo de usuario AutorProxecto = Óscat J. Pose Andrade e xustificante de pago de taxas municipais.

2. Segundo se indica na memoria, preténdese a ampliación do establo existente, construción dun silo forraxeiro, construción de sala de partos, sala de muxido, sala de espera, leitería, construción de estercoeiro e construción de pozo de xurro e cubrición de pozo existente.

3. Xunto có proxecto técnico apórtase copia das seguintes dependencias construídas, relacionadas máis arriba:

3.1 Licenza municipal de obra e provisional de actividade concedida o 25/XUÑ/2002 para instalación de vacún de 40 vacas en produción láctea.

3.2 Licenza de apertura concedida o día 15/ABR/2003, para a s obras que obtiveron licenza o 25/XUÑ/2002.

3.3 Decreto de 29 de novembro de 2010, polo que se concede licenza condicionada á obtención dos permisos e autorizacións previas de Augas de Galicia.

3.4 Licenza municipal de obra e provisional de actividade concedida o 18/OUT/2013 para ampliación e reforma de explotación vacún de leite.

4. O 19 de marzo de 2016 entrou en vigor a Lei do Solo de Galicia¹, cuxa disposición derradeira sexta sinalaba o prazo de un mes para a súa entrada en vigor. A falta de maior concreción sobre o período transitorio, para solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor, e que aínda se encontran en prazo legal para resolver, estímase de aplicación a anterior Lei 9/2002,

5. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas² durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do

presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

6. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

7. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico de especial protección agropecuaria**. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Ampliación de explotación de vacún de leite**, está clasificado como **solo rústico de protección agropecuaria**.

8. O uso solicitado encadra dentro do artigo **33.2.b)** da LOUGA e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 37, salvo mellor criterio dos servizos xurídicos do Concello.

9. Cumprimento dos artigos 42, 44, 104 e 106 da LOLUPMRG:

Artigo 42. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.		CUMPRE
1. Para outorgar licenza ou autorizar calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:		
a) Garanti-lo acceso rodado público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación eo tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. Estas solucións deberán ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou da promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías esixidas para o efecto pola administración na forma que regulamentariamente se determine.		SI
b) Preve-las medidas correctoras necesarias para minimiza-la incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e do medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.		SI
c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:		
— A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá do 20 % da superficie do predio. Non entanto, as edificacións destinadas a explotacións gandeiras, os establecementos de acuicultura e as infraestruturas de tratamento ou depuración de augas poderán ocupar ata o 60% da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios a totalidade da súa superficie. Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, cando menos, nun terzo da superficie da parcela.		SI
— O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións existentes no solo rústico do contorno. No caso de que resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou da actividade autorizable, procurarase descompoñer en dous ou máis volumes conectados entre si co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías propias do medio rural. En todo caso, deberánse adoptar as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos		SI

terreos.	
— As características tipolóxicas da edificación deberán ser congruentes coas tipoloxías do contorno, en particular, as condicións de volumetría, tratamento de fachadas, morfoloxía e tamaño dos ocos, e das solucións de cuberta, que, en todo caso, estarán formadas por planos continuos sen crebas nas súas vertentes.	SI
— Nos solos rústicos de protección ordinaria, agropecuaria, forestal ou de infraestruturas, a altura máxima das edificacións non poderá superar as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arrinque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá superar os 7 metros de altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, fixeran imprescindible superalos nalgún dos seus puntos. Nos demais solos rústicos protexidos, as edificacións non poderán superar unha planta de altura nin 3,50 metros medidos de igual forma agás nos casos debidamente xustificadas de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas. Poderán igualmente exceptuarse aquelas instalacións propias de usos agrícolas, acuícolas ou gandeiros que necesiten alturas excepcionais, logo do informe, en todo caso, da consellaría competente na materia. (Texto engadido pola Lei 2/2010).	SI
— As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno. En tal sentido, para o acabado das edificacións empregárase a pedra ou outros materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificadas pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais acordes cos valores naturais, coa paisaxe rural e coas edificacións tradicionais do contorno.	SI
— Os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica excedan a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros. En todo caso, débense realizar con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, e non se permitirá o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.	SI
d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:	
A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será a establecida en cada caso por esta lei, sen que para tal efecto sexa admisible a adscrición doutras parcelas.	
Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ó terreo e ó lugar máis apropiado para conseguirla maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.	SI
Os recuamentos das construcións ós lindes da parcela deberán garanti-la condición de illamento e, en ningún caso, poderán ser inferiores a 5 metros.	SI
As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.	n/d
Manterase o estado natural dos terreos, ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.	SI
e) Farase constar obrigatoriamente no rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ó uso e edificabilidade impostas pola autorización autonómica.	SI (compromiso de execución)
f) En todo caso, o prazo para o inicio das obras será de seis meses contado desde o outorgamento da licenza municipal correspondente, debendo concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, contando desde o outorgamento da licenza.	
g) Transcorridos os devanditos prazos, entenderase caducada a licenza municipal e a	

autorización autonómica, logo do expediente tramitado con audiencia do interesado, e será de aplicación o disposto no artigo 203 desta lei.	
2. Ás obras de derrubamento e demolición que se pretendan realizar en solo rústico seralles de aplicación o disposto no artigo 26 desta lei.	Non procede
Artigo 44. Condicións adicionais para outras actividades constructivas non-residenciais. CUMPRE	
1. As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumprirán as seguintes:	
a) A superficie da parcela na que se sitúe a edificación non será inferior a 3.000 metros cadrados, agás nos supostos previstos no artigo 33º.2, letras f) e j), desta lei e no tocante á ampliación de cemiterios e instalacións de tratamento e depuración de augas.	SI
b) Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 33º.2, letras a), b) c), d) e f).	33.2.b
2. Excepcionalmente, poderá outorgarse licenza, sen necesidade de autorización autonómica previa, para a execución de pequenas construcións e instalacións ao servizo e funcionamento das infraestruturas e obras públicas, sempre que quede xustificada a construción ou instalación coa natureza, extensión e destino actual do predio no que se localicen e non se superen os 50 metros cadrados de superficie total edificada nin a altura máxima dunha planta nin 3,50 metros. En todo caso, a tipoloxía da edificación e os materiais de construción serán os determinados no artigo 42º desta lei.	Non procede
Igualmente, poderá permitirse, sen suxeición ao disposto polos artigos 42 e 44 desta lei, a instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables.	Non procede
Este réxime excepcional só será de aplicación no ámbito do solo rústico de protección ordinaria e de especial protección agropecuaria, forestal ou de infraestruturas.	
3. As obras de simple conservación e as obras menores ás que fai referencia o artigo 195.3 desta lei non precisarán autorización autonómica con anterioridade á obtención da preceptiva licenza urbanística municipal.	Non procede
4. As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 1.000 metros dos asentamentos de poboación e a 250 metros da vivenda máis próxima. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.	SI
O planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación do territorio poderán reducir ou aumentar estas distancias dentro do seu ámbito territorial de aplicación, respectando en todo caso o establecido pola lexislación sectorial que sexa de aplicación.	
Título III- Normas de aplicación directa	
Capítulo I- Disposicións xerais	
Artigo 104. Adaptación ó ambiente. CUMPRE	
As construcións e instalacións deberán adaptarse ó ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:	
a) As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional deberán harmonizar con el. Igualmente cando, sen existir un conxunto de edificios, houbese algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados.	Non procede
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contempla-las beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	Non procede

c) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.	SI
d) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	SI
e) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	SI
f) Nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como inundación, afundimento, incendio, contaminación, explosión ou outros análogos, non se permitirá ningunha construción, instalación ou calquera outro uso do solo que resulte susceptible de padecer estes riscos.	Non procede
Artigo 106. Protección das vías de circulación.	
1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes, en zonas non consolidadas pola edificación, terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación estableza unha distancia superior.	N/d
En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial de aplicación.	
2. Non se poderán realizar obras de construción de novas vías de circulación de vehículos automóbiles que non estean previstas nos plans xerais ou noutros instrumentos de planeamento urbanístico ou de ordenación do territorio, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.	Non procede

10. Segundo a disposición Transitoria Décimo primeira “Explotación e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e serradoiros existentes” da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio rural de Galicia e posteriores modificacións:

(...)

2. Así mesmo, poderá permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, a ampliación das construcións destinadas á explotación ou ao apoio á actividade agropecuaria, mesmo en volume independente, cumprindo as condicións de edificación establecidas no artigo 42 desta lei e no planeamento urbanístico vixente, excepto no que se refire ás condicións de parcela mínima edificable, recuamentos, ocupación e volume máximos, distancias mínimas a vivendas e a asentamentos de poboación. (...)

En todo caso, deberá manterse o estado natural do terreo, ou con plantación de arboredo ou especies vexetais, como mínimo, nun terzo da superficie da parcela.

11. Con respecto á avaliación de incidencia ambiental das obras, a xuízo do técnico que subscribe, esta actividade está exenta sa súa tramitación, posto que se engloba dentro do disposto no artigo 38 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ao non tratarse de “modificación substancial” definida no artigo 3 do mesmo decreto, casos que se recollen a continuación:

Artigo 38. Modificacións substanciais de actividades sometidas a declaración de incidencia ambiental

1. Estarán tamén sometidas a previa declaración de incidencia ambiental as modificacións substanciais das actividades comprendidas no anexo.

2. Consideraranse substanciais as modificacións das instalacións ou procesos vinculados á actividade de cuxa realización derive a superación dos seguintes limiares:

- O incremento superior ao 50 % da capacidade produtiva da instalación.
- O incremento superior ao 50 % das materias primas empregadas no proceso produtivo.
- O incremento do consumo de auga ou enerxía superior ao 50 %.
- O incremento superior ao 25 % das emisións de contaminantes atmosféricos ou a implantación de novos focos de emisión catalogados.
- O incremento superior ao 50 % da vertedura de augas residuais.
- A produción de residuos perigosos ou o incremento do 25 % do seu volume no caso de estaren inicialmente previstos.

- g) O incremento nun 25 % dalgún ou da suma do total de contaminantes emitidos.
h) A incorporación ao sistema de produción ou o seu aumento por riba do 25 % de substancias perigosas, reguladas polo Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas.
i) A aplicación dos limiares sinalados no parágrafo 1 terá carácter acumulativo durante todo o tempo de desenvolvemento da actividade.

3. Nas modificacións das actividades comprendidas no anexo que non teñan a consideración de substanciais observárase o previsto no artigo 27 desta lei.

12. O proxecto presentado non contradi os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LOUGA	Plan Xeral 2012	Cumpre
Superficie mínima de parcela	10161	3000	3000	DT11^a
Altura de cornixa	<4,67	7,00 m	7,00	DT11^a
Ocupación máxima	32,17%	20 %	20 %	DT11^a
Número máximo de plantas		B+1	B+1	Si
Recuamento a lindeiros	> 6 m	5 m	5 m	Si
Separación a vía pública	>6 m	4 m	4 m	Si
Acceso rodado	Si	Si	Si	Si

13. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios**, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

14. O proxecto presentado xustifica o **tratamento de augas residuais**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

15. O proxecto presentado non xustifica o **abastecemento de auga**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

16. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

17. Instalación de guindastres- torre. Para a solicitude de autorización de instalación de guindastres- torre e similares, deberase aportar a seguinte documentación:

- 17.1 Memoria descritiva da instalación e planos de situación e emprazamento acoutados a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Inclúese informe das condicións portantes do terreo baixo a grúa asinado polo técnico director da obra.
17.2 Xustificante da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza de risco).
17.3 Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica do guindastre.
17.4 Certificados de montaxe do guindastre que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:
17.4.1 Datos da obra e instalación: situación (rúa/ lugar, número e poboación e referencia catastral da parcela), propietario do guindastre, (nome, DNI/NIF e nome e DNI do Xefe de Obra).
17.4.2 Característica do guindastre- torre: marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.
17.4.3 Certificación do director dos traballos de montaxe e instalación, de que o guindastre- torre cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.
17.4.4 Certificado do director dos traballos de montaxe e instalación do correcto funcionamento do guindastre e dos seus dispositivos de seguridade.

18. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e propónse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a GANADERÍA LOUZAO, S.C. para ampliación de explotación de vacún de leite, no lugar de Pedrouzo, parroquia de Graba (Silleda), parcela con referencia catastral 36052B50100140, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1.- Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras.

Asimesmo, para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Segundo.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen prexuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

3.3.- Expte. 333/18. Licenza de Obra Maior. Construcción dun cobertizo agrícola. JOSÉ LUIS COSTOYA HERNÁNDEZ.

Vista a solicitude de licenza de obra maior, presentada por JOSÉ LUIS COSTOYA HERNÁNDEZ, Rexistro de Entrada nº 2461 de data 29 de maio de 2017, para construción dun cobertizo agrícola, no lugar de Redondo, parroquia de Vilar (Silleda).

Visto o informe emitido o 06 de febreiro de 2018 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

<i>Solicitante</i>	<i>Costoya Hernández, José Luis</i>		
<i>Data de rexistro</i>	<i>29.MAI.2017</i>	<i>Nº 2461</i>	
<i>Solicitud</i>	<i>Construción dun cobertizo agrícola</i>		
<i>Tipo de Solicitud</i>	<i>Obra Maior</i>		<i>Superficie construída: 25 m2</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Redondo - Vilar, 36543, Silleda</i>		
<i>Referencia catastral</i>	<i>36052A038001160000KR</i>		<i>Superficie Catastro: 8.602 m2</i>
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>Campos Ferro, Natalia</i>		
<i>Proxecto</i>	<i>Básico. Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)</i>		
	<i>Data Visado Proxecto Presenta certificado de colexiación.</i>		
<i>Dirección de Obra</i>	<i>Dirección de Obra</i>		
<i>Oficio de Dirección</i>	<i>Sen visar (Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obligatorio) Data Visado Oficio Dirección</i>		
<i>Dirección de Execución</i>	<i>Dirección de Execución</i>		
<i>Oficio Direc. Execución</i>	<i>Sen visar (Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obligatorio) Data Visado Oficio Dirección Execución</i>		
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>	<i>DOGA</i>	<i>Prensa</i>
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	<i>1.500,00 €</i>		<i>P.E.M. segundo Mbc ano 2010: 4.212,00 €</i>

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 11 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- 12 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
- 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 14 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Costoya Hernández, José Luis, presentada con R.E. 2461 de 29.MAI.2017. Aporta dúas copias de proxecto técnico asinado por Campos Ferro, Natalia e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/03/2016 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a Construción dun cobertizo agrícola, está clasificado como solo urbanizable delimitado, para uso industrial.

5. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35.1.g) da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

6. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.		CUMPRE
Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:		
a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.		SI
b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.		SI
c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:		
– As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.		SI
– O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais		SI

existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.	
– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.	SI
– A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.	SI
d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación: – Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m). – A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas. – A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela. Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela. – Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo. – Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros. – As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos. – Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.	SI
f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.	Non procede
g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade	Non procede

ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros. A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular. Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.	
---	--

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

CUMPRE

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.	SI
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	35,1,g)
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	SI
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.	SI
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	SI
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	Non procede

Artigo 92. Protección das vías de circulación.

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).	SI
2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.	SI

7. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, **enténdese que está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.**

8. O proxecto presentado non contradi os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.**

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LEI SOLO	Plan Xeral 2012	Cumpre
Superficie mínima de parcela	8.602	2000	3000	Si
Altura de cornixa	3,50 m	7,00 m	7,00	Si

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LEI SOLO	Plan Xeral 2012	Cumpre
Ocupación máxima	3,13 %	20 %	20%	Si
Superficie ocupada en planta				Si
Número máximo de plantas	B	B+1	B+1	Si
Recuamento a lindeiros	> 5 m	5 m	5 m	Si
Separación a vía pública	10,80 m	4 m	4 m	Si
Acceso rodado	Si	Si	Si	Si

9. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inexacto o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m², para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

Cálculo de presuposto de execución material

	nº	Sup.	€/m ²	Tipo de obra	C ₁	Tipo de uso	C _u	C _g	
Soto				Tipo edificatorio		Usos da edificación		0,9	
Planta Baixa	1	25,00	520	1. Edificación de Nova Planta e Adicións	1,2	Cobertizos	0,3	0,9	4.212,000 €
TOTAL		25,00 m ²					PEM		4.212,00€

Taxas

ICIO	2,25 % de	4.212,00 €	94,77 €
Informe técnico			60,00 €
	Taxa		154,77 €

10. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

11. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Construción dun cobertizo agrícola solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a JOSÉ LUIS COSTOYA HERNÁNDEZ para construción dun cobertizo agrícola, no

lugar de Redondo, parroquia de Vilar (Silleda), parcela con referencia catastral 36052A038001160000KR, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito.

Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Segundo.- Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras (ICIO) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	60,00	0,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
4.212,00	4.212,00	2,25 %	94,77	33,75	61,02

Terceiro.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

Cuarto.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción

contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaíese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

3.4.- Expediente 228/18. Cambio de titularidade. CAFÉ 32, S.C.

Vista a solicitude presentada por CAFÉ 32, S.C., Rexistro de Entrada N.º 2018-E-RC-262, de data 17 de xaneiro de 2018, solicitando o cambio de titularidade da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 06 de outubro de 2005, a nome de ABASTECIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES, S.A., para acondicionamento e apertura dun local para dedicalo a cafetería, a situar na Avda. Do Parque, n.º 32 – local 3 de Silleda, pasando a ser o novo titular CAFÉ 32, S.C.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de Cafetería, na Avda. Do Parque, n.º 32 – local 3 de Silleda, outorgada a Abastecimientos y Construcciones, S.A. por acordo da Xunta de Goberno Local de data 06 de outubro de 2005, pasando a ser o novo titular CAFÉ 32, S.C., en troques de Abastecimientos y Construcciones, S.A.

Segundo.- Aprobar as seguintes liquidacións provisionais:

Taxa por expedición de documentos administrativos (artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos e 2.4 do Anexo da mesma Ordenanza) por importe de 36,00 euros, ingresados na conta do Concello en data 17 de xaneiro de 2018.

Terceiro.- Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

Cuarto.- Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaíese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-

administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

4º.- EXPEDIENTE 387/2018. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E O CONCELLO DE SILLEDA PARA O DESENVOLVEMENTO DE UN PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADITIVAS.

Por parte da concelleira de Benestar Social, Igualdade, Educación, Xuventude, Sanidade e Normalización Lingüística, M^a Pilar Peón Iglesias, dase conta do texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E O CONCELLO DE SILLEDA PARA O DESENVOLVEMENTO DE UN PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADITIVAS que literalmente dí:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E O CONCELLO DE SILLEDA PARA O DESENVOLVEMENTO DE UN PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADITIVAS.

_____, a _____ de 2018

REUNIDOS

Por unha banda, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio, Alcalde do Concello de Lalín designado na sesión do Pleno da Corporación do 13 de xuño de 2015 .

De outra, D. Manuel Cuiña Fernández, Alcalde do Concello de Silleda segundo Acta de Constitución da Corporación do 13 de xuño de 2015 .

Ambos na súa condición de Alcaldes en representación dos Concellos de Lalín e Silleda respectivamente de acordo co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a seguinte materia: e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia establece que os municipios, independentemente ou asociados, prestarán, como mínimo, os seguintes servizos: nos municipios de poboación superior a 20.000 habitantes, ademais do sinalado na letra a) : protección civil, **prestación de servizos sociais**, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

Terceiro.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia no seu artigo 60 regula as competencias dos concellos en materia de servizos sociais no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais.

Ditas competencias exerceranas os concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través de fórmulas de colaboración interadministrativa, co fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Cuarto.- O artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos ou das Entidades de Dereito Público poderá ser encomendada a outros órganos ou Entidades de Dereito Público da mesma ou de distinta Administración, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando nos se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Quinto.- O artigo 11.3 da Lei 40/2015 regula as regras de formalización das encomendas de xestión. Así, cando a encomenda de xestión se realice entre órganos administrativos ou Entidades de Dereito Público pertencentes á mesma Administración deberá formalizarse nos termos que estableza a súa normativa propia y, no seu defecto, por acordo expreso dos órganos ou Entidades de Dereito Público intervinientes.

Sexto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, os concellos impulsan medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida as actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos/as veciños/as unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Sétimo.- Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos/as veciños/as, sendo preciso realizar un exercicio de políticas públicas responsables, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Oitavo.- Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación dos servizos/s de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

Noveno.- A Xunta de Galicia amparándose na Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas publica, no DOG de 7 de xullo de 2017, a Orde do 26 de xuño de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria.

Ao amparo de dita orde a Xunta de Goberno Local do Concello de Lalín, en sesión de 31 de xullo de 2017, acorda solicitar a subvención. Segundo resolución do Conselleiro de Sanidade outorgase ao proxecto presentado polos Concellos de Lalín e Silleda unha subvención total de 49.621,81€ para o desenvolvemento do programa de prevención de adicións que se acompaña como Anexo ao presente convenio.

Décimo.- Tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das Bases do Réxime Local, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia recollen ao longo do seu articulado o **principio xeral de colaboración interadministrativa**. Por todo o anterior, a xestión compartida de servizos configúranse como unha solución eficaz para prestar determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA do SERVIZO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADITIVAS, mediante o presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do SERVIZO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADITIVAS a prestar de

forma compartida entre os Concellos de Lalín e Silleda como consecuencia da concesión de unha subvención outorgada pola Consellería de Sanidade.

Segunda.- Ámbito Territorial.

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente aos Concellos de Lalín e Silleda.

Terceira.- Obxectivos da colaboración.

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar a prestación dun servizo público de forma conxunta.
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso da cidadanía a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa.
- Valorizar os recursos dispoñíbles

Cuarta.- Xestión compartida do servizo.

A xestión do servizo será realizada polo Concello de Lalín e incluírá todo o relacionado coa xestión do servizo, aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc).

Este convenio comprende tamén a posibilidade de contratación, polo Concello de Lalín, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que regula a financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que tramítase un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse á orde de seu pagamento, con inclusión de unha garantía para a súa efectividade.

Quinta.- A Comisión Mixta. Coordinación.

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constitúírase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos/as dos mesmos.

As súas principais funcións serán:

- O seguimento da xestión do servizo.
- Elaborar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo a aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xere o servizo.
- Fixación do catálogo de condicións da prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do programa fixando as liñas básicas de actuación, que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos.
- Elaboración de normas internas de xestión.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, no seu caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

Sexta. Elaboración do catálogo de condicións de prestación do servizo e modificación de ordenanzas.

Os plenos dos Concellos que pretenden colaborar deberán no prazo máximo de tres meses, proceder a aprobar o correspondente catálogo de condicións de prestación do servizo que lle propoña a Comisión Mixta.

Nese mesmo prazo, deberán proceder a modificar, no seu caso, as ordenanzas e regulamentos que afecten directamente ao funcionamento do servizo co fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da Comisión.

Sétima. Medios persoais e materiais.

Cada concello sinalará en anexo ao presente convenio os medios persoais e materiais que adicará á realización das actividades materiais, técnicas ou de servizos que constitúen o obxecto da xestión compartida.

Oitava. Subvencións e axudas.

Para o desenvolvemento do servizo de prevención de adicións, segundo resolución do Conselleiro de Sanidade, outorgouse ao proxecto presentado polos Concellos de Lalín e Silleda unha subvención total de 49.621,81€ (12.405,45€ para a anualidade 2017; 24.810,91€ para o ano 2018 e 12.405,45€ para o ano 2019) ao amparo da Orde do 26 de xuño de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (DOG do 7 de xullo de 2017).

En caso de que se convoquen novas liñas de axudas ou subvencións compatibles coa anterior as solicitudes e xestión das mesmas será proposta pola Comisión Mixta e solicitada polo Concello encomendado ou ben na forma que se determine nos termos da convocatoria correspondente.

Nestes casos farase constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada concello asinante do presente convenio, de acordo coas condicións da xestión establecidas ou as que especificamente se acorden, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles. En calquera caso, deberá nomearse un representante o apoderado único dos concellos convenientes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden aos concellos asinantes.

Novena.- Financiamento.

Os concellos comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para este efecto habilitarán as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo/a secretario/a do concello no prazo de tres meses dende a sinatura do presente convenio, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta.

Todos os anos, ao comezo do exercicio deberán certificarse as aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento do servizo xestionado de xeito compartido.

A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano as previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada concello.

En base ao estipulado na cláusula anterior e tomando como referencia o importe do proxecto presentado para a concesión da subvención que se achega como Anexo I (53.356,78€) o Concello de Silleda aportará un 35% en total da achega municipal que corresponde para a prestación do servizo.

Cada concello será responsable da exacción das taxas, de ser o caso, que se xeren pola prestación do servizo non seu termo municipal.

O Concello de Silleda deberá transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao Concello de Lalín que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento da finalidade e certificado do/a secretario/a da relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

Décima.- Causas de resolución.

Ou presente convenio resolverase:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo.
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que ou regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia.

No caso de resolución do convenio cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

Décimo Primeira.- Vixencia do Convenio

O presente convenio estará vixente dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 30 de xuño de 2019.

Décimo Segunda - Natureza do Convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e ás discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo Terceira.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

Décimo Cuarta.- Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dous tribunais do orde xurisdicional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan non encabezamento."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

- Aprobar o texto do convenio anteriormente transcrito, así como dar conta do mesmo á Concelleira de Benestar Social e o departamento de Intervención.

- Aprobar o Anexo I do convenio: Memoria explicativa proxecto "Aquelar", que consta no expediente.

5º.- AXUDA ÓS DEPORTISTAS.

A proposta da Concelleira de Deportes Ana Luisa González Costa, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda conceder ó silledense Christian Costoya Sanabria, campeón gallego benjamín de karting, unha axuda de 500,00 €, como colaboración por potenciar o deporte e levar o nome de Silleda fora do Concello.

6º.- EXPEDIENTE 1029/2017. LICITACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS: "MELLORA DE CAPA DE RODADURA DE VIAIS MUNICIPAIS (OLEIROS) DO CONCELLO DE SILLEDA".

Visto que o obxecto do contrato é a realización da obra "MELLORA DE CAPA DE RODADURA DE VIAIS MUNICIPAIS (OLEIROS) DO CONCELLO DE SILLEDA", conforme ao proxecto técnico redactado pola arquitecto Edilena de Oliveira Amorím.

Visto o informe emitido polo Secretario, de data 10 de xaneiro de 2.018.

Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, de data 02 de febreiro de 2.018.

Vistos o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato da obra, por procedemento negociado sen publicidade denominado "**Mellora de capa de rodadura de viais municipais (Oleiros) do Concello de Silleda**".

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO: APROBAR o Proxecto para as obras de **“Mellora de capa de rodadura de viais municipais (Oleiros) do Concello de Silleda”**, por importe de 101.585,91 €, IVE incluído (17.630,61 €), redactado pola arquitecto Edilena de Oliveira Amorín.

SEGUNDO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 83.955,30 € máis IVE **“Mellora de capa de rodadura de viais municipais (Oleiros) do Concello de Silleda”**

TERCEIRO.- Autorizar, en contía de 101.585,91 €, o gasto que para este Concello representa a contratación da obra por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 151-619, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

CUARTO.- Nomear como Director das Obras ó Arquitecto municipal, Dº Lino Manuel Doporto Framil.

QUINTO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

ANEXO:

- O prego de cláusulas administrativas particulares: Prego de Cláusulas Administrativas particulares. Contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade: **“Mellora de capa de rodadura de viais municipais (Oleiros) do Concello de Silleda”**.

TRANSCRÍBESE:

**“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES
CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE:
MELLORA DE CAPA DE RODADURA DE VIAIS MUNICIPAIS. OLEIROS DO CONCELLO DE SILLEDA**

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación do contrato

O obxecto do contrato é a realización das obras consistentes na de MELLORA DE CAPA DE RODADURA DE VIAIS MUNICIPAIS (OLEIROS) DO CONCELLO DE SILLEDA , cuxa codificación é CPV 45233250-6, conforme ao proxecto técnico redactado pola Arquitecto Elena Amorín, aprobado en Resolución da Alcaldía de data 26 de xuño de 2017,

As actuacións consistirán na mellora da capa de rodadura nas referidas ubicacións, tal como consta no proxecto redactado ao efecto e que servirá como Prego de prescripcións técnicas.

Tómase en consideración que a obra está subvencionada pola Consellería de Medio Rural segundo resolución de concesión de subvención de data 18 de maio de 2017, e que a necesidade da actuación que se pretende está xustificada no expediente de solicitude de subvención.

*Debido ao seu carácter de obra subvencionada, o que resulte adxudicatario da mesma asumirá a obriga da colocación do cartel publicitario durante a execución do proxecto en que conste expresamente o cofinanciamento, segundo o modelo que se recolle nas bases reguladoras do **PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018**, e sen que teña repercusión no prezo da execución da actuación.*

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establece o artigo 6 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de obras de de MELLORA DE CAPA DE RODADURA DE VIAIS MUNICIPAIS (OLEIROS) DO CONCELLO DE SILLEDA será o procedemento negociado sen publicidade, no que a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles, de acordo co artigo 169 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento para asegurar a concorrência; é dicir, será necesario solicitar ofertas, polo menos, a tres empresarios capacitados para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

CLÁUSULA TERCEIRA. O perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: www.silleda.es

CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato

O importe do presente contrato ascende á contía de 101.585,91 euros. O prezo certo anterior queda desagregado nun valor estimado de 83.955,30 euros, e no imposto sobre o valor engadido de 17.630,61 €.

O valor estimado do contrato ascende á contía de 83.955,30 euros (IVE excluído), tendo en conta as posibles prórrogas e modificacións deste. O importe aboarase con cargo á partida 151-619 do vixente orzamento municipal; xa que existe crédito abondo ata o importe aprobado polo concello e queda acreditada a plena dispoñibilidade das seguintes achegas que permiten financiar o contrato.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato

A duración do contrato de obras de de MELLORA DE CAPA DE RODADURA DE VIAIS MUNICIPAIS (OLEIROS) DO CONCELLO DE SILLEDA será de un mes.

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación de replanteo previo no prazo de CINCO días desde a data de formalización do contrato.

Non poderán existir prórrogas

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións de contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

1. A capacidade de obrar do empresario acreditarase:

- a) Dos empresarios que foren **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, de ser o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- b) Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, mediante a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- c) **Dos demais empresarios estranxeiros**, co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia nalgunha das prohibicións de contratar** reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro poderá realizarse:

a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos; cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, este poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, un notario público ou un organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse tamén por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**:

3.1. A **solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, un xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios que non estean obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán presentar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, de ser o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido, como máximo, aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

3.2. Nos contratos de obras, a **solvencia técnica** do empresario poderá ser acreditada por un ou varios dos seguintes medios:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo. De ser o caso, tales certificados seranlle comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Declaración en que se indiquen os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, de que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do persoal responsable das obras.

d) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

e) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración en que se indique a maquinaria, material e equipo técnico de que se disporá para a execución das obras, á que se lle xuntará a documentación acreditativa pertinente.

CLÁUSULA SÉTIMA. Clasificación do contratista

Dita clasificación no será esixible nos contratos de obras de valor estimado inferior a 500.000 euros, de conformidade coa disposición transitoria cuarta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.]

CLÁUSULA OITAVA. Presentación de proposicións e documentación administrativa

As ofertas presentaranse no concello, na Rúa de Trasedeza, 55, en horario de atención ao público, no prazo que se indique na invitación a participar.

As proposicións poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo en 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do candidato.

A acreditación da recepción do dito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non se admitirá a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data en que termina o prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta [sen prexuízo do establecido nos artigos 148 e 149 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro]. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas do presente prego.

As ofertas para participar na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo candidato e con indicación do domicilio para efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Oferta para negociar a contratación das obras de de MELLORA DE CAPA DE RODADURA DE VIAIS MUNICIPAIS (OLEIROS) DO CONCELLO DE SILLEDADA»

A denominación dos sobres é a seguinte:

— **Sobre «A»:** Declaración responsable.

— **Sobre «B»:** Oferta económica e documentación.

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias verificadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

SOBRE «A» DECLARACIÓN RESPONSABLE

a) Declaración Responsable do licitador indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º _____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, a efectos da súa participación na licitación na actuación denominada MELLORA DE CAPA DE RODADURA DE VIAIS MUNICIPAIS (OLEIROS) DO CONCELLO DE SILLEDADA, ante _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar na contratación das obras de de MELLORA DE CAPA DE RODADURA DE VIAIS MUNICIPAIS (OLEIROS) DO CONCELLO DE SILLEDA

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de obras consistente na de MELLORA DE CAPA DE RODADURA DE VIAIS MUNICIPAIS (OLEIROS) DO CONCELLO DE SILLEDA, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.
- Que está debidamente clasificada a empresa ou, se é o caso, que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)
- Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura do declarante,

Asdo.: _____»

SOBRE «B» OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN

a) Oferta económica.

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, núm. ____, con DNI _____, en representación da entidade _____, con CIF _____, xa que recibín unha invitación para a presentación dunha oferta e xa que estou informado das condicións e requisitos esixidos para a adxudicación, por procedemento negociado sen publicidade, do contrato de obras de de MELLORA DE CAPA DE RODADURA DE VIAIS MUNICIPAIS (OLEIROS) DO CONCELLO DE SILLEDA fago constar que coñezo o prego que serve de base ao contrato e que o acepto integramente, e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao imposto sobre o valor engadido.

_____, ____ de _____ de 20__

Sinatura do candidato

Asdo.: _____»

b) Documentos que permitan ao órgano de contratación valorar as condicións das ofertas segundo os aspectos de negociación.

CLÁUSULA NOVENA. Garantía provisional

En consonancia co disposto no artigo. 103 do RDLeg 3/2011 TRLCSP, os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

CLÁUSULA DÉCIMA. Aspectos obxecto de negociación coa empresa

Sen perjuicio do recollido no artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (no que se recollen os criterios para apreciar as ofertas desproporcionadas ou temerarias nas subastas), para a valoración das ofertas e a determinación da máis vantaxosa economicamente atenderase a varios aspectos de negociación:

Criterios cuantificables automáticamente e/ou mediante fórmulas ou porcentaxes

— **Prezo:** Ata un máximo de 50 puntos

$P_i = P_{max} [(Tipo\ de\ licitación - O_i) / (Tipo\ de\ licitación - OM)]$

P_i : Puntuación da oferta i

P_{max} : Puntuación máxima deste criterio

O_i : Oferta i

OM: Oferta máxima.

Cando exista unha baixa non temeraria igual a un 10% se tomará dito importe como OM, en caso contrario OM= Tipo de licitación x 0,9

- **Ampliación Prazo de garantía:** Ata un máximo de 20 puntos

Os licitadores poderán ofertar o aumento do prazo de garantía sobre o establecido inicialmente (que será de dous anos). Os aumentos do prazo de garantía ofertados expresaranse en número de anos, e entenderase a efectos do prazo total de garantía que se suman ao prazo de dous anos indicado anteriormente.

De acordo co criterio exposto, a puntuación por aumento do prazo de garantía obtense aplicando a seguinte táboa:

Aumento do prazo ofertado sobre o inicial	puntuación
1 ano	5 puntos
2 anos	10 puntos
3 anos	15 puntos
4 anos	20 puntos

Criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor:

- **Melloras valoradas economicamente:** ata un máximo de 30 puntos.

Solo se admitirán melloras valoradas sobre os seguintes aspectos:

Melloras técnicas e de calidade que redunden nunha maior eficacia e durabilidade da obra, valorada segundo informe técnico.

As melloras que se ofrezan haberán de estar valoradas economicamente

As melloras valoraranse en termos estritamente económicos, e o importe das mesmas incluírá o IVE correspondente como partida independente.

Aplicarase a seguinte fórmula:

$P_i = P_{max}(Of\ i / Of\ max)$

P_i : Puntuación da oferta de mellora i

P_{max} : Puntuación

OM: Oferta máxima. máxima deste criterio

O_i : Oferta i

Cando existan melloras que alcancen un importe do 10% se tomará a maior mellora como OM, en caso contrario, OM= Tipo de licitación.

O responsable do contrato ou a dirección de obra decidirán sobre a execución das melloras, reservándose o dereito de poder variar as mesmas en beneficio do interese público e sempre sen que poida superar o valor económico das ofertadas.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Mesa de contratación

Por ser de carácter optativo ao tratarse de procedimient negociado sen publicidade, non se constitúe ni actúa no presente contrato

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.*
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.*
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.*
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.*

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. -Apertura de ofertas

Unha vez finalizado o prazo de presentación de proposicións, o órgano de contratación procederá á apertura das proposicións, previa comprobación da existencia das declaracións responsables dos licitadores:

Apertura das ofertas.- *O órgano de contratación procederá a abrir os sobres "B" e comenzará a negociación de acordo cos aspectos fixados no prego.*

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Requirimento da documentación

Recibidos os informes, de haber sido solicitados, o órgano de contratación propondrá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

*O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de **o cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (os recollidos na declaración responsable)**, así como de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme o artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.*

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Garantía definitiva

O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

- a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos*

públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban producir efecto, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) Mediante un aval, prestado na forma e nas condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante un contrato de seguro de caución, realizado na forma e nas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no sector. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e transcorrido [un ano/6 meses2] desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 100.

A acreditación da constitución da garantía poderá facerse mediante medios electrónicos.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Adjudicación do contrato

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adjudicación, que deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación. En particular expresará os seguintes puntos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.*
- A respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adjudicación, tamén de xeito resumido, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.*
- En todo caso, o nome do adjudicatario, as características e vantaxes da proposición do adjudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentaron os restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas.*
- Na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que se debe proceder á formalización.*

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Formalización do contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes contados desde a data da notificación da adjudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

Cando, por causas imputables ao contratista, non se puidese formalizar o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución del, así como a incautación da garantía provisional que, de ser o caso, se esixise.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Dereitos e obrigas do adxudicatario

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son dereitos específicos do contratista as seguintes:

A) Aboamentos ao contratista

A expedición das certificacións da obra executada efectuarase nos prazos que sinala o director de obra. A obra certificada valorarase conforme aos prezos do proxecto técnico e as certificacións terán sempre carácter provisional e quedarán suxeitas á medición e certificación que poida facerse na liquidación final; isto non supoñerá, polo tanto, nin a aprobación nin a recepción das obras que comprendan.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para consideralo inconveniente.

Poderanse verificar aboamentos á conta, logo da petición escrita do contratista por aprovisionamento de materiais, instalacións e equipamentos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para tal efecto, determinan o artigo 232 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e artigos 155 a 157 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

B) Obrigas do contratista

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

— *Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.*

— *O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro).*

— *O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro para os supostos de subcontratación³.*

— *Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar á súa custa as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto na devandita zona coma nos seus lindeiros e inmediacións.*

— *O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de seguridade e saúde no traballo.*

— *Gastos exixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de adxudicación até o límite máximo de 500 euros da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.*

No caso de que o esixa algunha das Administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa costa carteis de identificación da obra, coas características que se establezan.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Facturas

Conforme o establecido na disposición adicional trixésimo terceira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a que lle corresponda a súa tramitación.

Na factura incluíranse os datos e requisitos establecidos no artigo 72 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Plan de seguridade e saúde no traballo

Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario elaborará un Plan de seguridade e saúde no traballo da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde [(ou, se é o caso), estudo básico de seguridade] do proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

No devandito plan incluíranse, de ser o caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña, coa correspondente xustificación técnica, que non poderán supoñer unha diminución do nivel de protección previsto no estudo.

O Plan será aprobado polo concello antes do inicio da obra, logo do informe do coordinador en materia de seguridade e saúde ou da dirección facultativa da obra, se non fose preceptivo designar un coordinador, e comunicarse á autoridade laboral. Unha vez realizado este trámite, procederase á acta de implantación e inicio da obra.

[Artigo 7.2 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.]

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Revisión de prezos

Considerando o prazo de duración do obxecto de este contrato, os prezos no poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e, por tanto, non se aplicará fórmula algunha de revisión.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Recepción e prazo de garantía

Á recepción das obras á súa terminación concorrerá o responsable do contrato, se se nomeou, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato.

Se se atopan as obras en bo estado e de acordo ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta, daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía.

Cando as obras non se atopan en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o Director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido devandito prazo o contratista non o efectuase, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Establécese un prazo de garantía de DOUS ANOS a contar desde a data de recepción das obras.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigacións pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos que se manifesten durante un prazo de quince anos a contar desde a recepción.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Execución do contrato

A execución do contrato de obras comezará coa segunda acta de comprobación da implantación e do inicio das obras. Para tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un mes dende a data da súa formalización, salvo en casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a realizar a comprobación do trazado de planta feito con ocasión da aprobación do proxecto de obras; esta segunda acta do resultado redactarase e será asinada por ambas as partes interesadas. Remitiráselle un exemplar dela ao órgano que asinou o contrato.

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste lle deren ao contratista o director facultativo das obras, [e, de ser o caso, o responsable do contrato], nos ámbitos da súa respectiva competencia.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

CLÁUSULA VIXÉSIMA CUARTA. Modificación do contrato

Faise necesario recordar que (de conformidade co artigo 105 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, sen prexuízo dos supostos previstos na devandita normativa para os casos sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e prórroga do prazo de execución), os contratos do sector público só poderán modificarse cando así se previse nos pregos de condicións ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do mesmo texto legal.

No resto de casos, se fose necesario que a prestación se executase de forma distinta á pactada, inicialmente deberá procederse á resolución do contrato en vigor e á celebración doutro baixo as condicións pertinentes.

Así, a normativa de contratación permítenos modificar os contratos do sector público:

1. Sempre que nos pregos ou no anuncio de licitación se advertise expresamente desta posibilidade e se detallase de forma clara, precisa e inequívoca as condicións en que poderán facerse uso da mesma, así como o alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar, e o procedemento que haxa de seguirse para iso.

2. Se non fose previsto nos pregos ou no anuncio de licitación, só poderán efectuarse modificacións cando se xustifique a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.*
- Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.*
- Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.*
- Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á adxudicación do contrato.*
- Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato].*

En ningún caso o Técnico-Director municipal ou o adxudicatario poderán introducir o executar modificacións no obxecto de este contrato sin a debida aprobación técnica así como aprobación polo órgano de contratación competente, previa a preceptiva fiscalización do gasto e existencia de crédito, según procedemento, requisitos e informes establecidos na normativa arriba referida.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Penalidades por incumprimento

— Cando o contratista, por causas imputables a el, incorra en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias nas proporcións recollidas no artigo 212.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro: de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato].

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución deste ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

— Cando o contratista, por causas imputables a el, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

— Cando o contratista incumpra a adscripción á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, impoñeranse penalidades na proporción do 10% do orzamento do contrato].

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, se houber un designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, se lle deban aboar ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, se constituíse, cando non poidan ser deducidas das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Resolución do contrato

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 237 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautárase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA. Réxime xurídico do contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. De maneira supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, a falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro."

CUARTO.- Solicitar ofertas ás seguintes empresas, escollidas de común acordo polo Alcalde e os Concelleiros presentes, por consideralas capacitadas para realizar o obxecto do contrato.

- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L.
R/ Santa Eulalia, nº 5-3ºB
36.540 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Taboada y Ramos, S.L.
Polígono Industrial Lalín 2000 – parcela C-26
36.500 - Lalín (Pontevedra)

- Construcciones, Obras y Viales, S.A.
R/ Herminia Fariña Cobián, bajo
Apartado de Correos 202
36.003 - Pontevedra

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 08 de Febreiro de 2018

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO
Asdo. Manuel Quintáns Queiruga